

RISCOS DERIVADOS DO USO

- Atrapamentos na zona de operación.
- Proxección de partículas.
- Proxección da peza que se está a tradear.
- Afeccións dérmicas por contacto con fluídos de corte.



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



NORMAS DE SEGURIDADE

- ✗ As poleas e correas de transmisión da máquina deben estar protexidas por cubertas.
- ✗ Todas as operacións de comprobación, medición, axuste, etc, deben realizarse coa máquina parada.
- ✗ Para retirar unha peza, eliminar as labras, comprobar medidas, etc. debe parar o trade.
- ✗ Antes de operar co trade comprobarase que se retiraron todas as ferramentas, materiais soltos, etc. e sobre todo a chave de aperta do portabrocas.
- ✗ A suxeición dunha broca a un portabrocas non se debe realizar dando marcha ao trade mentres se suxeita o portabrocas coa man para que cerre máis de présa. A broca débese axustar e suxeitar co trade parado.
- ✗ O trade estará ancorado ao chan ou á mesa, de forma que non se mova durante a realización dos traballos.
- ✗ Non suxeite a peza coas mans. Utilice os elementos de suxeición destinados para isto.
- ✗ Asegúrese de que a peza está correctamente suxeita antes de arrancar a máquina.
- ✗ Utilice roupa axustada ao corpo. Non leve obxectos colgantes.
- ✗ Non intente corrixir a posición da peza, retirar labras, etc. coa máquina en marcha.
- ✗ Utilice os elementos de seguridade de que dispón a máquina.
- ✗ Non retire as labras coa man, axúdese dun cepillo.
- ✗ Non deixe ferramentas, pezas ou útiles sobre o trade.
- ✗ Está prohibido o uso de luvas durante os traballos co trade. Unicamente se usarán para o manexo de pezas fóra da zona de influencia da ferramenta.
- ✗ Manter as mans afastadas do portaferramentas e da broca cando estas xiran.
- ✗ Para maior seguridade, nin ao principio nin ao final do trade se usará o avance automático. Para comezar e rematar o trade débese usar o avance manual.